



(+34) 991 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 9:52:47

SAIDA 7538/20

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]
Expediente. N^o RSCTG 57/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 8 de abril de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data do 28 de abril de 2020, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo correo electrónico da Xefa do servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa que remite reclamación interposta con data do 8 de abril de 2020 por [REDACTED] contra a Resolución do 18 de marzo de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se dita resolución de acceso á información pública en relación cunha solicitude formulada pola citada mercantil sobre acceso a expedientes referentes a explotacións mineiras na provincia de Lugo C.E. 1^a Ampliación a Rio Pas N.º 4739 e C.E. 2^a Ampliación a Rio Pas N.º 4885.

A entidade reclamante en resumo indica que solicitou toma de vista dos expedientes C.E. 1^a Ampliación a Rio Pas N.º 4739 e C.E. 2^a Ampliación a Rio Pas N.º 4885, e na Resolución ditada pola Xefatura Territorial en data do 18 de marzo de 2020 sinálase que non prazo conferido, [REDACTED] non presentou alegacións, polo que o prexuízo que se lle ocasionaría co acceso á información non pode ser valorado na resolución deste expediente, sen que por



elo se poida entender que permitira ou acceso ao mesmo, polo que resulta de aplicación o artigo 22.2 da Lei 19/2013, consonte ou cal se existiu oposición de terceiro, ou acceso só terá lugar cando, concedido dito acceso, teña transcorrido ou prazo para interpor recurso contencioso administrativo sen que fora formalizado ou teña sido resolto confirmando ou dereito a recibir a información.

Considera que o acceso á información en relación a documentación solicitada debe rexerse polo disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que no seu artigo 13 establece as excepcións á obrigação de subministración de información en materia de medio ambiente, entre as que non se atopa o motivo fixado na Resolución notificada, motivos de denegación que de acordo co apartado 4, deben interpretarse de forma restritiva. Non resultan de aplicación os motivos establecidos no artigo 18 da Lei 19/2013

A previsión de pendencia da efectividade do acceso á información o establece a lei soamente naqueles supostos en que se produciu efectiva oposición de terceiro, circunstancia esta que non tivo lugar neste caso, posto que tal e como se recoñece na Resolución notificada, déuselle trámite para a formulación de alegacións á mercantil Euroarce Caolines, S. L. que non realizou alegación algunha ao respecto no prazo concedido, polo cal tal extremo debe ser considerado como ausencia de oposición ao acceso de información solicitado, e, de ningún xeito determinante da inviabilidade de permitir tal acceso ata o momento no que transcorra o prazo de impugnación, ao ser claras as previsións normativas pronunciadas a tal respecto con relación a aqueles supostos nos que houbera oposición dun terceiro.

Segundo. Con data do 30 de abril de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 26 de maio de 2020 A Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que en contra do manifestado pola entidade reclamante, a solicitude tramitouse ao abeiro da Lei 19/2013 e Lei 1/2016, dado que tal en como consta no informe da xefatura de servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo, se ben a entidade solicitante enumera unha serie de expedientes relativos aos dereitos mineiros dos que solicita información, tales como plans de restauración ou declaracións de impacto ambiental, que poderían ter un encaixe e consideración como información propiamente ambiental, esta documentación, dada a antigüidade dos dereitos non existe, polo que a información á que se pode acceder non tería un contido propiamente ambiental, senón que quedaría incardinada no réxime xeral de transparencia contemplando na Lei 19/2013.

Respecto da aplicación do disposto no artigo 22.2 da Lei 19/2013, na resolución impugnada faciase constar que no prazo conferido a [REDACTED] non presentou alegacións, polo que o prexuízo que se lle ocasionaría co acceso á información non pode ser valorado na resolución deste expediente, sen que por elo se poida entender que permitira o acceso ao mesmo. Considera que o silencio soamente pode ter relevancia de antemán cando a norma o prevé expresamente. Considera así mesmo que o Regulamento 2016/679/UE, do 27 de abril, europeo de protección de datos, o consentimento de interesado, recollido no artigo 4 do punto 11 ven definido como declaración o unha clara acción afirmativa.

Polo tanto, aos efectos de garantir a seguridade xurídica neste procedemento e a debida protección de datos persoais e fundamentalmente o dereito á defensa de terceiro en vía de recurso, o silencio no trámite de audiencia non se considera un consentimento tácito ao mesmo. Considera que o feito de que non presenta alegacións non significa que non poida presentar recurso, hai que preservar o dereito do terceiro de presentar o dito recurso sen que a información solicitada sexa subministrada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 20 de marzo de 2020 e a reclamación presentouse o 8 de abril de 2020, tendo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 20 de abril de 2020, remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, e sen prexuízo de que de acordo co disposto na disposición adicional terceira, do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e a disposición derogatoria única (parágrafo segundo) do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo citado Real Decreto 463/2020, os prazos administrativo estiveron suspendidos desde o 14 de marzo ata o 1 de xuño de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O motivo de impugnación da resolución da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria por [REDACTED] é que na tramitación do expediente, a pesares de que pola empresa [REDACTED] empresa que cuxos dereitos ou intereses poden resultar afectados polo acceso á información, non presentou alegacións no trámite que se lle conferiu ao efecto, a Xefatura Territorial demora o acceso á información ao momento no que transcorra o prazo para interpor recurso contencioso-administrativo sen que se formalizase, ou fose resolto confirmando o dereito de acceso á información, en aplicación do artigo 22.2, por considerar que o silencio da empresa [REDACTED] equivale a súa oposición.

Como é sabido, a documentación que un particular presente ante unha Administración e que pase a formar parte dun expediente, fai que adquira a condición de información pública, que por tanto pode ser solicitada por calquera persoa, e que unicamente pode ser limitado o seu acceso, para protexer outros dereitos ou intereses de terceiros máis dignos de protección, sempre que o órgano competente o motive adecuadamente.

A información ou documentación pública non só contén datos públicos senón que, tamén, pode ter datos que correspondan ás persoas privadas, sendo esta información ou documentación adquiridas neste caso pola Administración no exercicio das súas competencias.

O artigo 19.3 da Lei 19/2013, nos casos nos que o acceso á información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, establece a obriga de darlles audiencia para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas. O obxecto do trámite de audiencia é que o terceiro poida realizar as alegacións que estimen oportunas, e que a Administración poida valorar todos os dereitos e intereses subxectivos que poidan verse afectados pola resolución.

O artigo 22.2 da Lei 19/2013 prevé que no caso de que existise oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, concedéndose este acceso, transcorre o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizou ou fose resolto confirmando o dereito para recibir a información.

A incorporación desta previsión na Lei non foi do todo pacífica, rexeitándose por unha parte da doutrina esta solución legislativa de condicionar o acceso á información pública solicitada á firmeza da resolución estimatoria nos supostos nos que houbera oposición de terceiros afectados, xa que fai depender o acceso, xa acordado polo órgano competente, da eventual decisión de impugnación que poida emprender un terceiro, o que equivale a alterar de maneira radical o principio de dereito administrativo que recoñece a eficacia inmediata dos actos.

Na maior parte das ocasións o auténtico valor do dereito de acceso á información reside en que os solicitantes de acceso van poder obter con inmediatez unha información que só lles outorga unha vantaxe exclusiva se non existen importantes dilacións na súa subministración. Por este motivo, tanto a norma básica estatal como a autonómica, establecen a obriga das Administracións de resolver sobre as solicitudes de acceso no prazo dun mes. A excepción ao principio de executividade inmediata dos actos administrativos e de accesibilidade máxima que inspira a transparencia establecida no artigo 22.2, esixe un requisito fundamental, que é a existencia de oposición dun terceiro cuxos dereitos ou intereses poidan resultar afectados pola concesión da información.

A desconformidade dun terceiro solicitado, pode demorar o acceso concedido tan en exceso que a resolución estimatoria e o consecuente dereito recoñecido, pode chegar a quedar baleira de contido, pero está xustificada polo obxectivo de evitar que as posibles vías de recurso se vexan impedidas, ao carecer de obxecto un eventual recurso contencioso administrativo ou unha reclamación ante a Comisión da Transparencia se a información xa estivera en poder do solicitante.

Por este motivo, ao terceiro cuxos dereitos ou solicitudes poden resultar afectados pola solicitude de acceso, se lle dá a oportunidade de presentar as alegacións que estime oportunas, que non caso de ser presentadas, deben ser valoradas polo órgano administrativo e en función da dita valoración, resolver ou que proceda sobre o acceso.

Se aberto ou trámite de audiencia a un terceiro interesado, este non presenta alegacións, sería contrario á Lei de transparencia demorar o acceso á información do solicitante, ao carecer absolutamente de fundamento considerar esa inactividade do terceiro como oposición, demorando o acceso á información recoñecida expresamente por resolución administrativa sen oposición. Neste senso, a recente resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 24 de marzo de 2020, da propia Consellería de Economía, Emprego e Industria nun caso similar, non considera a falla de presentación de alegacións como oposición.

A excepción ao principio de executividade inmediata das resolucións administrativas e ao principio de máxima accesibilidade establecida no artigo 22.2 da Lei 19/2013, require unha oposición expresa dese terceiro, é dicir, unha acción expresa na que o terceiro interesado manifieste, con maior ou menor fundamento, que a concesión do acceso á información solicitada pode prexudicar os seus dereitos ou intereses, oposición que neste caso non se produciu, como expresamente manifesta a Administración no seu informe.

Non é de aplicación ao presente caso o concepto e requisitos do consentimento establecido na normativa vixente en materia de protección de datos como pretende a Consellería, dado que a resolución impugnada por unha banda concede o acceso previa disociación dos datos de carácter persoal que poidan figurar na documentación á que se concede o acceso, e por outra o suxeito ao que a que a Consellería considera que non outorgou o consentimento é unha persoa xurídica e non física, polo que non se lle aplica a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Por outra banda, son de aplicación ao presente caso as sentencias citadas no informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas respecto do sentido do silencio, dado que se trata de sentencias no ámbito civil, non referidas por tanto ao sentido do silencio en procedementos administrativos, senón ao sentido do silencio en materia negocial en contratos bancarios, e en materia de consentimento sobre realización dunhas obras nunha comunidade de propietarios.

De acordo co anterior, dado que non existiu oposición por parte de terceiro, procede a estimación da reclamación presentada, debendo a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceder o acceso de forma inmediata, ao non ser de aplicación ao caso o disposto no artigo 22.2 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 8 de abril de 2020, contra a Resolución do 18 de marzo de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se dita resolución de acceso á información pública en relación cunha solicitude formulada por [REDACTED] sobre acceso a expedientes referentes a explotacións mineiras na provincia de Lugo C.E. 1ª Ampliación a Rio Pas N.º 4739 e C.E. 2ª Ampliación a Rio Pas N.º 4885.

Segundo: Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que de acceso de forma inmediata á empresa [REDACTED] á información que figura na resolución do 18 de marzo de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Terceiro: Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.07.01 12:27:39 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.